

O RASCACÚ

(*Ruscus aculeatus* L.)

Tamén denominado xibarda, azoutacristos, ou picanreira, é un arbusto perenne composto por dous tipos de talos: os cilíndricos, que serían os talos normais e os outros en forma de folla. Realmente son falsas follas que tamén se coñecen como “filóclados”. De aí que as flores e os froitos crezan no medio destas falsas follas. As follas son como unhas escamas pequenas que nacen na base destes filóclados. O froito é unha boliña vermella que sae no outono.



Carballeira Municipal de Baio



CONCELLO DE ZAS
Praza do Campo, nº 1
15850 - Zas - A Coruña
www.concellodezas.org
Tel. 981 751 398



**Deputación
DA CORUÑA**

A BUGALLA

É unha formación anormal arredondada de cor marrón e cunha coroa de pinchos que se forma nos carballos e noutras árbores a modo de reacción defensiva ante a presenza de insectos parasitarios.

O insecto pica un brote novo depositando aquí un ovo. Ante este ataque o carballo deféndese envolvendo a larva cunha cápsula chea de taninos. Cando o insecto xa é adulto fai un buraquiño para saír o exterior.



Bugalla

Ameneiros, abeleiras, loureiros, acivros, bieiteiros, salgueiros, distintas especies de cogomelos, osmundas, gamotas, cabras cegas ou zapateiros, libélulas... son algunhas das especies que conforman a biodiversidade deste espazo e da súa contorna.



A Carballeira Municipal de Baio é unha das grandes iconas naturais da Costa da Morte. Con case 10.000 metros cadrados atesoura cerca de 400 carballos, centenarios en moitos casos, converténdoa nun auténtico monumento natural.

Ubicada ao sur do núcleo urbano e en continuidade co mesmo, atópase bañada polas augas do río Grande do Porto formando unha fermosa paisaxe cambiante que varía totalmente da primavera ao outono.

Este espazo natural contén unha alta biodiversidade, é dicir, alberga un gran número de especies tanto vexetais como animais. Pero ademais desempeña unha importante función social xa que nela celébranse eventos culturais, deportivos, romarías...

Neste lugar sombrizo, onde os raios de sol son incapaces de atravesar o manto verde que forman as copas dos carballos, é onde nos anos 70 se celebraba a festa do Pescantín, o día do patrón dos pescadores. Hoxe en día esta celebración está desaparecida e foi substituída pola festa da Carballeira de Baio.



Momento da festa en 2019

© A.C. Adro

En 2017 o Concello de Zas merca este espazo natural para asegurar a protección e conservación da súa biodiversidade xunto co desfrute da veciñanza.

No 2022 este espazo foi incluído dentro do Catálogo Galego de Árbores Senlleiras coa figura de Formación Senlleira.

SABÍAS QUE

Na Antigüidade empregábanse os bugallos para fabricar tinta e a cortiza para o curtido de peles e tinguido da roupa.



Abelá



Acivro



Landra

A LANDRA

É o froito do carballo, da aciñeira e da sobreira. Ten forma ovalada e está recuberta por unha casca dura. O carapucho cubre a parte superior da landra que conta cun pendúnculo que a une coa árbore.

O CARBALLO

(*Quercus robur* L.)

O carballo é coñecido por ser un símbolo de forza e duración. É unha especie autóctona cunha ampla coroa con forma irregular cuxas ramas poden chegar a desenvolverse con formas tortuosas e nudosas.

Tanto para o mundo celta como para os romanos era unha árbore sagrada.